

CULTURACTIVA S. COOP. GALEGA

presenta a **Isabel Risco, Pedro Brandariz e Fran Rei** en:

# PAPAR SEN CANCELAS

[www.culturactiva.org](http://www.culturactiva.org)

Foto: Cris Andina



# CULTURACTIVA S. COOP. GALEGA

Culturactiva SCG representa, tras unha dilatada traxectoria, un claro referente en Galicia no sector da xestión cultural. Consolidada xa como unha das grandes distribuidoras do país, o seu ámbito profesional abrangue os campos da venda teatral e musical, a organización de eventos, a xestión integral de programacións e a dinamización cultural, tanto no ámbito creativo como formativo.

Deste xeito, Culturactiva converteuse en Galicia nun motor para os sectores teatral e musical, tanto a través de grandes festivais e plataformas como son o *Festiclown*, *Galeuzca*, *Olladas do Planeta* ou a *Feira Ecolóxica*, como do seu fundamental traballo na distribución e produción escénica. Co paso do tempo e avalada pola súa experiencia, Culturactiva ampliou o seu ámbito de actuación máis aló das nosas fronteiras, estendendo o seu labor ao resto do estado e a nivel global.

Culturactiva é a entidade na que confían a súa distribución en Galicia a artistas internacionais do nivel de Leo Bassi, Jango Edwards ou compañías como Yllana e intérpretes galegos de gran proxección como Peter Punk, Sergio Pazos ou o Mago Teo. Como distribuidora musical, Culturactiva traballa con formacións musicais do país de gran prestixio, como son Guadi Galego, Talabarte ou, entre outras moitas, Vaamonde, Lamas & Romero.

Ademais, Culturactiva leva máis dunha década traballando na produción de espectáculos e montaxes teatrais, ámbito no que destaca con diversas obras. Deste xeito, impulsa agora *Papar sen cancelas*.





# CULTURACTIVA

## Papar sen cancelas

### O espectáculo

Culturactiva ten o pracer de convidarvos a *Papar sen Cancelas*, un delicioso espectáculo onde poderedes deleitarvos cunha exquisita selección *gourmet* do mellor humor galego.

Isabel Risco, Pedro Brandariz e Fran Rei son tres linguas soltas, linguas hábiles, linguas deslinguadas e, como os mellores menús, linguas para todos os gustos!

Poderedes presenciar as artes de tres anfitrións cómic@s preparando a Gala de entrega dos Premios Gastronómicos Galegos do Ano, unha cerimonia na que teñen cabida desde as figuras máis sobranceiras do panorama galego actual ata un menú pluri-lingüe, pasando por unha longa serie de situacións cómicas que, dalgún xeito, nos definen como pobo asentado neste recuncho da península Ibérica. Todo isto pasado pola peneira deste trío de cómic@s xa clásico, que inclúe a crítica ácida, a loucura (case) sen límites e a improvisación continua.

Comedia de alta cociña sobre a galeguidade. Reflexión cómica sobre como somos.

*Porque en Galicia cómese ben, mais rise e fálase aínda mellor!*

### Observación:

Ao remate do espectáculo, no recibidor do teatro, ofréceselle ao público unha pequena ración de empanada e un vaso de auga e/ou viño galego.



### FICHA ARTÍSTICA

Elenco: Isabel Risco, Pedro Brandariz e Fran Rei

Dirección: Diego Rey

Xéneros: comedia, clown e improvisación

Autores: Xurxo Barcala, Diego Rey, Avelino González e Jose Prieto

Vestuario: Maquinaria Pesada

Escenografía: Kukas

Música orixinal: Jerry Noia

Producción e distribución: Culturactiva S. Coop. Galega

Duración: 80 minutos

Público: adulto (NR menores 14 anos)

[+ info](#)

[▶ ver vídeo](#)





# O ELENCO

## Isabel Risco

Actriz, clown e pedagoga teatral.

Comeza a súa andaina en grupos de teatro universitario da Coruña, na escola Casahamlet e asistindo a cursos monográficos con mestres como Eric de Bont, Jango Edwards, John Wright, Leo Bassi, Serge Nail, Kirko Koski, Tom Greder, Claudia Contín, Angel Burgos, Sophie Gazel, Carlo Colombaioni, Pablo Muñoz, Johns Pappila, Manuel Lourenzo, Carlo Bosso, etc.

Dende o ano 2000 participa en espectáculos profesionais nas compañías Ibuprofeno Teatro, Espello Cóncavo, Os sete magníficos máis un, Manicómicos e Produccións Desaqueouloutradas, coas que ten participado nalgúns dos festivais de teatro e clown máis importantes da península, e na compañía Maquinaria Pesada, con espectáculos de produción propia como *As Vingadoras* ou *Nabiza Girl & Unha Viaxe EspaZial*. Dende o ano 2001 forma parte da compañía Trinketrinke teatro, especializada en teatro infantil e dinamización á lectura.

No 2005 gradúase en Pedagogía Teatral na Universidade da Coruña, aínda que vén desenvolvendo a actividade de monitora de teatro en colexios dende o 2001.

No ámbito do audiovisual, traballa como actriz secundaria e protagonista en series como *Padres Casares*, *A vida por diante*, *O Nordés*, *Air Galicia*, *Era Visto!*, *A Casa da Conexa*, *Os Caseiros* ou *Casa Manola*, e outros programas da TVG como *O Show dos Tonechos*, *En Pé de Festa*, *Zapping Comando*, *Máxima Audiencia*, *Luar*, *A Solaina*, *BumBumBumeran*, *Heicho Cantar*, *Land Rober*, *Tourilandia*, *Land Rober Tunai Show*, etc; ademais de realizar curtas, publicidade e algunha longamentaxe, como *Os mortos van de présa*, *Onde está a felicidade?*, *9 Ondas* ou *Pelegrinaxes*.

Na XII Edición dos Premios do audiovisual galego recibe o **Premio Mestre Mateo á mellor interpretación feminina de reparto** polo personaxe de Dona Hortensia en *Era Visto!* Producida por Zopilotes para TVG. Na 26 edición do Festival de Teatro Galego do Carballiño, setembro de 2015, recibe o **premio á mellor actriz** polo seu papel en *O Furancho* de Ibuprofeno Teatro.





## Fran Rei

Actor cómico, director teatral e guionista.

É cofundador da compañía oficial do Festival Internacional de Clown de Galicia (Festiclown) Os Sete Magníficos máis Un, coa que ten participado nun total de quince espectáculos desde o ano 2001. Igualmente, ten traballado noutras compañías de teatro galegas, como Bagunça Teatro, Producións Desaqueloutradas, Acontrabutaca e Culturactiva. Camiño dos 20 anos de traxectoria profesional no mundo do teatro, do seu currículo como actor cómpre destacar *A Historia de Brancaflor*, *Saaabor!*, *Retrincos de Castelao* ou *Dous Pallasos en Máis Apuros*.

Na súa formación escénica destacan numerosos cursos de teatro, clown e bufón con algúns dos mellores mestres do panorama internacional, como Good Idea Company, Carlo Colombaioni, Leo Bassi, Eric de Bont, Iván Prado ou Antón Valén.

Nos últimos cinco anos, Fran Rei dirixiu varios espectáculos, como *Supergalácticos* (Código Morsa), *Volta á Maxia* (Dani García), *Ritmo de Refugallo* (Trío Refugallo), *Pan con Chocolate* (Saleta Fernández) ou *Concerto (non tan) Singular* (Píscore). Igualmente, é monitor de dramatización, teatro e clown e dirixe varias esco-

las de formación teatral. Especialista en clown, desenvolve regularmente obradoiros de iniciación e perfeccionamento desta técnica.

Para o gran público é un rostro ben coñecido, grazas ás súas intervencións humorísticas no programa *Luar*, xunto a Pedro Brandariz, ininterrompidamente de 2013 a 2017.

Paralelamente á súa carreira profesional, Fran Rei é membro fundador da organización galega de cooperación internacional a través das artes Pallasos en Rebeldía e, con esta entidade, ten participado en diversas caravanas de pallas@s en Chiapas (México).





## Pedro Brandariz

Pedro Brandariz leva media vida subida aos escenarios, ofrecendo monólogos por todo canto recuncho da xeografía galega e española hai. Mais detrás deste gran contador, hai unha ampla formación teatral. Brandariz procede do mundo do clown, aínda que tamén traballou en compañías escénicas de corte máis clásico e de teatro infantil.

Na actualidade forma parte das compañías Os Sete Magníficos máis Un, DINAMOteatro, Teatro do Astracán ou Manicómicos. Deixou, ademais, a súa pegada noutras formacións: Desaqueoulou-tradas, Dous son Compañía ou Clowntacontos contaron habitualmente con Brandariz nas súas montaxes.

Aborda o humor dende moi diferentes eidos: actor, clown, monologuista cómico, contacontos ...

Do seu currículo formativo destacan nomes como Leo Bassi, Carlo Colombaioni, Eric de Bont, Jango Edwards, Loco Brusca, Elliot... cos cales aprendeu diversas técnicas teatrais, como clown, teatro cómico, contacontos ou bufón.

Nos últimos anos, Pedro Brandariz tamén se está a facer un oco importante no mundo audiovisual galego, destacando a súa participación en programas da TVG como *Luar*, *Casa Manola*, *Con Amor e Compañía*, *Ti Verás* ou *Malo Será*. Igualmente, é o actor de referencia das webseries galegas máis populares do momento, como *Peter Brandon*, *Galicia Crime*, *Antolepsia* ou *Dinosaurio* e ten participado en diversas curtametraxes: *Wonderful People*, *El Comediante*, *Ao Terceiro Día*, *Koruño*, *Legado de Hércules*, *Incomunicados* e *Tenacitas*.





# O DIRECTOR

## Diego Rey

### FORMACIÓN TEATRAL

- **Taller de creatividade teatral.** Profesor: Artur Trillo.
- **Maquillaxe teatral.** Profesor: Purificación Pereira.
- **Pantomima.** Profesor: Juanjo Cuesta.
- **Escritura teatral.** Profesor: Roberto Salgueiro.
- **Curso de teatro.** Profesores: Elena Seijo, Fina Calleja e Fernando Dacosta.
- **Curso de voz.** Profesores: Elena Seijo e Fina Calleja.
- **Ortofonía e dicción.** Profesores: Cristina Domínguez e Alfredo Rodríguez.
- **Dirección escénica.** Profesor: Xulio Lago.
- **Teatro clásico.** Profesor: Quico Cadaval.
- **Comedia da arte.** Profesor: Avelino González.
- **Stage Commedia dell'Arte.** Profesor: Antonio Fava.
- **Curso de acrobacia.** Profesores: Pista catro.
- **Commedia dell'Arte.** Profesor: Massimo Malucelli.
- **Stage L'attore e la maschera nella Commedia dell'Arte.** Profesor: Fabio Mangolini.
- **Stage residenziale Commedia dell'Arte e Costruzione Maschere in cuoi.** Profesores: Carlo Boso, Claudio De Maglio e Massimo Macchiavelli
- **Asistencia no espectáculo:** *O merlo branco*, de Talía Teatro.
- **Asistencia no espectáculo:** *Quero ser grande*, de Talía Teatro.
- **Asistencia no espectáculo:** *Palabras encadeadas*, de Talía Teatro.
- **Asistencia no espectáculo:** *Pelos na lingua*, de Talía Teatro.

- **Asistencia no espectáculo:** *E.R.*, de Teatro do Atlántico.
- **Asistencia no espectáculo:** *O método Grönholm*, de Talía Teatro.
- **Asistencia no espectáculo:** *Gaivotas subterráneas*, de Talía Teatro, RTA e Voz audiovisual.
- **Asistencia no espectáculo:** *O principio de Arquímedes*, de Teatro do Atlántico.

### EXPERIENCIA PROFESIONAL

#### Como actor

2006 *O Merlo Branco*, de Cándido Pazó, dirección Artur Trillo

2008 *E ti, quen vés sendo?*, de Cándido Pazó,  
dirección Cándido Pazó

2008 *Valentino Rufini e Âkil Pillabán de viaxe a Milan (e van sen un can)*, de Roberto Salgueiro, dirección Roberto Salgueiro.

2010 *Volpone*, de Ben Jonson, dirección Roberto Salgueiro

2014 *Sopa de sapo*, dirección Artur Trillo.

2017 *Ubu rei*, dirección Roberto Salgueiro

2018 *O servidor de dous amos*, dirección Diego Rey

#### Como director

2010 *Carta urxente para Máximo Toxo*, para Talía Teatro

2013 *XANGO*, para Talía Teatro

2015 *Filosofando*, para Boneca Lareta

2015 *Falar sen cancelas*, para Culturactiva

2016 *Retrincos de Castelao*, para Culturactiva

2018 *O servidor de dous amos*, para Talía Teatro

2018 *A cantata do café*, para Asociación de Amigos da Ópera



**CULTURACTIVA S. COOP. GALEGA**

info@culturactiva.org

www.culturactiva.org

+34 981 582 836